

Edgar Morín

# spertemos!

Tradución de Xosé Manuel Beiras

EDICIÓNS

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO**

## Edgar Morin



Edgar Morin (París, 8 de julio de 1921), nado Edgar Nahum, é un filósofo e sociólogo francés, director emérito de investigación no CNRS (Centre national de la recherche scientifique), doutor honoris causa por trinta e oito universidades de todo o mundo. Edgar Morin é unha das grandes figuras intelectuais do noso tempo. Recentemente publicou en Denoël “*Changeons de Voie. Les leçons coronavirus (2020)*” e “*Leçons d’un siècle de vie*” (2021), estas dúas obras xa se traducíronse, cada unha, a dez linguas, mais con “Réveillons-nous!” – “Espertemos!” é primeira vez, que este autor, se traduce que ao galego a proposta de Xosé Manuel Beiras.

1

Dúas Franzas nunha



Dende a Revolución de 1789, dúas Franzas lévanse sucedendo ou coexistindo: a Franza humanista e a Franza reaccionária. A campaña das eleccións presidenciais do 2022 amosa en que medida arestora a segunda está a gañarlle pola man á primeira. Mesmo a identidade do país tornouse un problema. Ora, a historia revélanos nididamente a natureza unha e múltiple da identidade francesa.

### *A francización*

A Franza constituíuse ao longo dunha historia multiseccular a partir de povos heteroxéneos con cadansúa lingua e cultura. É así como, a partir da Île de France, os Capetos e os seus sucesores agrandaron o seu reino co Orléanais, a Normandie, o Languedoc, a Auvergne, o Dauphiné, a Alsace, a Lorraine, unha parte da Catalunya e de Euskalherria, a Córscica e, no s.XIX, Nice e a Savoie. Esa francización de povos convertidos en provincias, sometidos a un Estado, unha administración e unha lingua común, fíxose adoito mediante a anexión, a violencia represiva, mesmo a guerra (cruzada contra os Albigois que consumou a sumisión da Occitania, dragonadas na Bretaña) ou a limpeza relixiosa (guetización ou expulsión dos xudeus, guerra civil que subordinou e despois proibiu o protestantismo).

Os reinos de España e da Gran Bretaña, que se formaron e desenvolveron coetaneamente, tamén agregaron e someteron a diversos povos: Casteláns, Cataláns, Galegos, Andaluces na España; Normandos, Saxóns, Escoceses, Irlandeses na Gran Bretaña. A limpeza relixiosa tamén fixo estragos en todos eses países: en España coa conversión forzosa dos musulmáns e dos xudeus ou

a súa expulsión en 1492; na Gran Bretaña coa acta de supremacía que subordinou os católicos aos protestantes, e despois a feroz represión do catolicismo irlandés por Cromwell; na Franza, coa revocación do edicto de Nantes no 1685 e o exilio de trescentos mil protestantes.

Nesas nacións, monarquías de dereito divino, os individuos eran súbditos, non cidadáns; sufrían servidumes sen disfrutar de dereitos. Mais a Franza levou a cabo no 1789 unha revolución que, ao proclamar os principios fundacionais dunha nación humanista, diferenciouna de todas as demais.

### *A nación humanista*

Após a toma da Bastille do 14 de xullo do 1789, que esborrallou simbólicamente o poder absoluto, a Declaración dos dereitos do home e do cidadán do 26 de agosto asegurou a igualdade dos dereitos e a plena cualidade humá a toda persoa, calquera que for a súa orixe ou o seu status. O 4 de agosto do 1789, a abolición dos privilexios puxo fin aos poderes e vantaxes da aristocracia. O 14 de xullo do 1790, na festa da Federación, os representantes das provincias acudiron a testemuñar a súa adhesión á “grande nación”. O 21 de setembro de 1792, foi abolida a monarquía e, a seguida, foi proclamada a república. O 21 de xuño do 1793, o alcalde de Paris, Jean-Nicolas Pache, fixo pendurar nos muros da casa común a divisa: “A República unha e indivisíbel -Liberdade, Igualdade, Fraternidade ou a morte”.

Dese xeito a Revolución Francesa asentou o principio da nación nun alicerce humanista e universalista consistente nos dereitos do home e nun alicerce democrático

consistente na abolición dos privilexios e na instauración, en 1792, do sufraxio universal (só masculino).

Esa nación só permaneceu humanista durante un curto período. A guerra, desencadeada polas monarquías contra a Revolución, suscitou o Terror, e despois o Imperio napoleónico e a Restauración monárquica restableceron a autoridade do trono e da igrexa.

Porén, a partir da Revolución, a Franza converteuse de xeito definitivo nunha patria, é dicir, unha sociedade percibida polos seus cidadáns como unha comunidade de destino, pertencendo cada quen a unha imensa e cuasi-familia. A verba “patria” leva nela unha compoñente mítico-afectiva: comenza por un masculino paternal portador dunha autoridade indiscutíbel e remata por un feminino maternal portador de amor supremo pola “nai patria”. A expresión permite abranger toda a afectividade dun sentimento que amplifica até a dimensión da nación a ligazón filial aos seus proxenitores e mais o sentimento de pertenza a unha comunidade. A verba “patria” expresa o vencello indefectíbel á nación e mais o sacrificio voluntario da propia vida a prol dos “seus”.

Unha nación é unha comunidade de destino na que se exalta o patriotismo cando está ameazada ou en guerra. En tempos de paz, o sentimento comunitario esváese e a sociedade entrégase a diversos antagonismos e conflitos.

As guerras da Revolución deron vida ao patriotismo; despois, as guerras de 1870 e de 1914-18 espertárono, encirrárono, exaltárono... e degradárono en chovinismo.

O nacionalismo chovinista deshumaniza o inimigo en tempo de guerra e sub-humaniza o estranxeiro en tempo de paz. Porén, como moi ben o vira Jaurès, para quen o

patriotismo e o internacionalismo están unidos: o patriotismo e o humanismo, que abrangue a preocupación polo destino da especie, son complementares.

A comenzos do s.XIX, a Restauración reinstalou duradeiramente a monarquía na Franza, no seo dunha Santa-Alianza europea reaccionária. Depois, agás a efémera Segunda República que adoptou a divisa “Liberdade, Igualdade, Fraternidade” e aboliu a escravitude, o retorno dunha Franza humanista tivo lugar paseniño. A Terceira República, proclamada o 4 de setembro do 1870, levou ás costas durante os seus primeiros anos a pesada herdanza da represión da Comuna.

Mais a Franza humanista recuperou vigor, nomeadamente grazas á instauración por Jules Ferry da escola primaria gratuita, laica e obrigatoria para os rapaces e logo para as rapazas en 1881-82; a seguida, en 1905, a separación entre Igrexa e Estado instaurou a laicidade como principio nacional, mentras que, paralelamente, se desenvolvía a ‘affaire’ Dreyfus. O capitán, inxustamente condeado no 1894 e deportado á Guaiana, non foi rehabilitado até 1906.



## ÍNDICE

1. Dúas Franzas nunha.....	9
2. Unha nova era antropolóxica .....	23
3. Pensamento da crise e crise do pensamento .....	31
4. Voltar á nosa Terra .....	39
Agradecementos .....	53
Nota do tradutor .....	55